

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Alro Maquinaria, S.L., en materia de formación profesional dual.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou o 20 de outubro de 2021 coa empresa Alro Maquinaria, S.L., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a adhesión da empresa Alro Maquinaria, S.L., ao Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas (Maquisaba, S.L., Media Markt Santiago de Compostela, S.A., Transportes José Antonio Raris Martínez, S.L.U., J.C. Courier, S.L., Sistemas Técnicos del Accesorio y Componentes, S.L., Ríos Sangiao, S.L., Transportes Puentevea, S.L., Ullacargo, S.L. e Santos Cocina y Baño, S.L.), para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas, asinado o 9 de xullo de 2021 .

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A empresa Alro Maquinaria, S.L., está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b) do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que a empresa facilita ao centro de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 981546548





- a) Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 195/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte e loxística.
- b) Terá como duración desde o 15 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2023.
- c) A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior en Transporte e loxística.
- d) Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicárase un 10 % do tempo de estadía do alumnado nas empresas á formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

